BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

LUNS, 19 DE OUTUBRO DE 2026 N.º 239

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación
desde o día 19-10-2026
ata a día 19-11-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2026 (19/10/2026 08:00:00)

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 9 DE OUTUBRO DE 2026 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DUN/DUNHA (1) PRAZA/POSTO DE TÉCNICO/A PRODUTOS AUDIOVISUAIS E REDES SOCIAIS, CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDA NA OE 2024.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de outubro de 20265 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE APROBE A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECIFICAS PARA A COBERTURA DUN/DUNHA (1) PRAZA/POSTO DE TÉCNICO/A PRODUTOS AUDIOVISUAIS E REDES SOCIAIS DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDA NA OE 2024.

Na Oferta de Emprego desta Entidade para o ano 2024 (BOP núm. 301, do 31.12.2024), inclúense a praza/posto número 3395/1750, denominada Técnico/a Produtos Audiovisuais e Redes Socias / Técnico/a Produtos Audiovisuais e Redes Sociais Nivel I do Cadro de persoal laboral, reservada a Promoción Interna vertical.

Visto que no cadro de persoal está vacante e dotada 1 praza denominada Técnico/a Produtos Audiovisuais e Redes Sociais, reservada a promoción interna vertical.

Visto que na RPT está vacante e dotado o posto denominado Técnico/a Produtos Audiovisuais e Redes Sociais Nivel I asociado á praza antes mencionada.

Constatándose a necesidade da cobertura da praza que a continuación se relacionan, proponse á Presidencia que eleve a presente proposta á Xunta de Goberno para que segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 3.09.2020), ACORDE:

1º Aprobar a convocatoria para prover a seguinte praza/posto, reservada a promoción interna vertical:

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	GRUPO/ SUBGR	Nº POSTO
2024	1	3395	Técnico/a Produtos Audiovisuais e Redes Sociais / Técnico/a Produtos Audiovisuais e Redes Sociais Nivel I	L	C-C1	1750

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais aprobadas para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo.

3º Aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais que rexerán o procedemento selectivo para cubrir 1 praza/posto de Técnico/a Produtos Audiovisuais e Redes Sociais / Técnico/a Produtos Audiovisuais e Redes Sociais Nivel I, reservada a promoción interna vertical.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente proceso selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases específicas, nos boletíns oficiais e lugares que se determinen nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR UNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO/A PRODUTOS AUDIOVISUAIS E REDES SOCIAIS DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDA NA OE 2024.

1. OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, reservadas a promoción interna vertical.

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación
desde o día 19-10-2026
ata a día 19-11-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2026 (19/10/2026 08:00:00)

2. CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	GRUPO/ SUBGR	Nº POSTO
2024	1	3395	Técnico/a Produtos Audiovisuais e Redes Sociais / Técnico/a Produtos Audiovisuais e Redes Sociais Nivel I	L	C-C1	1750

3. COMETIDO FUNCIONAL.

Atendendo ao réxime xurídico laboral destas prazas, o seu cometido funcional establécese conforme ao Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; e no que resulte aplicable no Capítulo IV do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. En conto ao contido funcional dos correspondentes postos de traballo será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa. En ausencia dos anteriores instrumentos, os ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

4. REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Como complemento á base xeral 4.a), as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente e posuír unha antigüidade de cando menos, dous anos de servizo activo como persoal laboral fixo na praza de Axudante Produción "A extinguir".

5. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. FASE DE OPOSICIÓN.

Segundo o estipulado na Base Xeral 8, o proceso consistirá na superación do seguinte exercicio:

5.1 EXERCICIO - PRÁCTICO

Esta proba consistirá na realización dun suposto práctico relacionado coas materias do programa establecido na base específica 6 e poderá consistir na formulación de distintas preguntas-simulacións, elaborar informes ou propostas ou calquera outra actuación na que se poda comprobar as habilidades e capacidade de resolución das persoas aspirantes.

O tempo máximo para realizar o exercicio será determinado polo Tribunal.

O exercicio poderá ser lidos pola persoa aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir ao devandito acto as demais persoas participantes nesta proba.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

A puntuación deste exercicio será de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 30 puntos.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1.

5.2 PROBA DE GALEGO.

Consistirá na realización dunha tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán no tempo máximo de 45 minutos.

Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten posuír o nivel de galego Celga 4 ou titulo equivalente debidamente homologado.

Esta proba valorarase como apto ou non apto e será necesario para superala obter o resultado de apto.

A proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 19-10-2026 ata a día 19-11-2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2026 (19/10/2026 08:00:00)

6. PROGRAMA DE ACCESO A UNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO/A PRODUTOS AUDIOVISUAIS E REDES SOCIAIS DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDA NA OE 2024.

6.A) MATERIAS COMÚNS

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 19-10-2026 ata a día 19-11-2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

1. A Constitución Española de 1978. Aspectos esenciais desta. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

2. Principais órganos do Estado: a Coroa e as Cortes Xerais.

3. O Goberno e a Administración na Constitución Española.

4. A organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A administración do Estado, autonómica e local.

5. A Comunidade Autónoma de Galicia. Idea esencial das súas competencias. A súa organización institucional.

6. A provincia como entidade local. Competencias. A Deputación Provincial de Lugo: organización básica, complementaria e administrativa.

7. Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A administración electrónica.

8. O persoal ao servizo das Corporacións Locais. Dereitos e deberes dos funcionarios ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

6.B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

9. A produción audiovisual: Concepto e características da produción audiovisual. Tipos de produción segundo o medio, o formato, o xénero e a finalidade. Produción televisiva, cinematográfica, publicitaria, institucional e destinada a medios dixitais. Aspectos organizativos, técnicos e económicos.

10. Os recursos da produción: Clasificación dos recursos humanos, técnicos, materiais, artísticos, creativos, económicos e loxísticos. Recursos propios e externos. Criterios para determinar as necesidades dun proxecto. Dispoñibilidade, coordinación e optimización dos medios.

11. O equipo humano dunha produción audiovisual: Estrutura e funcións dos equipos de produción, dirección, realización, redacción, fotografía, cámara, iluminación, son, arte, montaxe e posprodución. Persoal técnico, artístico e creativo. Relacións funcionais entre departamentos. Responsabilidades do axudante de produción.

12. O proceso de produción: Fases dun proxecto audiovisual: desenvolvemento, preprodución, produción, posprodución, difusión, arquivo e reutilización. Tarefas propias de cada fase. Coordinación e circulación da información entre os distintos equipos.

13. O guión audiovisual: Concepto e funcións do guión. Tipos de guión segundo o formato e o xénero. Guión literario, técnico, escaleta, minutado e guión de gravación. Lectura e análise de guión. Desagregación e identificación das necesidades artísticas, técnicas e materiais.

14. A documentación da produción: Documentos de preparación e seguimento: sinopse, tratamento, memoria, guión, escaleta e ficha técnica. Orde de traballo, parte de produción, folla de citación e listas de necesidades. Organización, actualización, distribución e arquivo da documentación.

15. A localización audiovisual: Finalidade e proceso de procura de localizacións. Criterios artísticos, técnicos, económicos, ambientais, de seguridade e accesibilidade. Visita técnica. Informe e ficha de localización. Fotografías, planos, accesos, servizos, subministracións e documentación complementaria.

16. Permisos e autorizacións para a gravación: Gravación en espazos públicos e privados. Ocupación da vía pública, cortes de tráfico, uso de edificios, espazos protexidos e instalacións administrativas. Permisos para drons, vehículos, animais, armas simuladas e efectos especiais. Tramitación, documentación e prazos.

17. O plan de traballo: Concepto, estrutura e utilidade. Elaboración a partir do guión e da dispoñibilidade de medios. Criterios artísticos, técnicos, económicos e loxísticos. Agrupación de secuencias, localizacións, equipos e xornadas. Modificacións e continxencias.

18. A orde de traballo e as citacións: Contido da orde de traballo. Horarios, localizacións, desprazamentos, persoal convocado, material necesario e previsión meteorolóxica. Citación dos equipos técnicos, artísticos e auxiliares. Partes diarios, incidencias e control da xornada.

19. A loxística da produción: Transportes, viaxes, aloxamento, manutención, aparcadoiro, carga e descarga. Organización de accesos, camerinos, espazos de traballo e zonas técnicas. Atención aos equipos e ás persoas participantes. Medidas alternativas ante cambios ou imprevistos.

20. A planificación temporal: Calendarios de produción. Cronogramas, fitos, dependencias e prioridades. Cálculo de tempos de preparación, montaxe, ensaio, gravación, desmontaxe e posprodución. Seguimento dos traballos e actualización da planificación.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2026 (19/10/2026 08:00:00)

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 19-10-2026 ata a día 19-11-2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXILANCIA
P.O.

21. O orzamento audiovisual: Estrutura e partidas dun orzamento. Custos de persoal, medios técnicos, material, desprazamentos, aloxamento, manutención, localizacións, dereitos e seguros. Estimación, petición de ofertas, control do gasto e seguimento das desviacións.

22. A xestión de provedores e servizos externos: Apoio na xestión e coordinación de empresas e profesionais. Solicitude e comparación de ofertas conforme as instrucións recibidas. Alugueiro de equipos, transporte, restauración, aloxamento, servizos técnicos e persoal artístico. Recepción, comprobación, devolución e control do material contratado.

23. Medios de captación de imaxe: Tipos de cámaras e aplicacións. Ópticas, soportes, accesorios, alimentación, baterías e sistemas de estabilización. Parámetros básicos de gravación. Resolución, relación de aspecto, frecuencia de imaxe e soportes de rexistro. Necesidades de produción asociadas ao equipamento.

24. Medios de captación de son: Micrófonos, pértegas, sistemas sen fíos, gravadores, mesas e accesorios. Son directo, entrevistas, ambientes e rexistros musicais. Coordinación das necesidades de son. Control de baterías, soportes, frecuencias, cableado e copias de seguridade.

25. A iluminación audiovisual: Fontes de luz, proxectores, accesorios, filtros, soportes e sistemas de control. Iluminación en estudio e exteriores. Necesidades eléctricas, distribución de cargas e medidas de seguridade. Montaxe, desmontaxe e coordinación do material.

26. Estudios, platós e espazos de gravación: Características dun estudio audiovisual. Control de realización, plató, cabinas, cicloramas, grellas, camerinos e zonas auxiliares. Organización dos espazos. Circulación de persoal e material. Preparación previa, montaxe e restitución das instalacións.

27. Escenografía, atrezo, vestiario e caracterización: Funcións dos departamentos artísticos. Decorados, mobiliario, atrezo, grafismo físico, vestiario, maquillaxe e peiteado. Desagregación de necesidades. Transporte, almacenamento, continuidade, inventario e devolución dos elementos.

28. Produción en exteriores: Condicionantes técnicos, humanos, meteorolóxicos e loxísticos. Accesos, alimentación eléctrica, iluminación, control do ruído, seguridade e protección dos equipos. Coordinación coas autoridades e cos responsables dos espazos. Plans alternativos.

29. Retransmisións e emisións en directo: Características da produción en directo. Unidades móbiles, realización multicámara, sinais, intercomunicación, enlaces, conectividade e redundancia. Acreditacións, posicións de cámara, zonas técnicas e escaleta de emisión. Protocolos ante a perda de sinal ou outras incidencias.

30. Montaxe e posprodución: Fluxo de traballo desde a inxesta ata a entrega. Organización e sincronización dos materiais. Montaxe de imaxe, edición de son, grafismo, subtitulado, corrección de cor e exportación. Coordinación entre produción, realización e posprodución.

31. Formatos, soportes e xestión de ficheiros: Formatos de gravación, códecs, contedores, resolucións e relacións de aspecto. Nomenclatura e estrutura de cartafoles. Transferencia, verificación e copia dos materiais. Metadatos. Copias de seguridade e control das distintas versións.

32. A produción de programas informativos e institucionais: Características dos informativos, reportaxes, entrevistas, comparecencias, declaracións e roldas de prensa. Medios técnicos e humanos. Rapidez de resposta, comprobación de datos, coordinación de axendas e entrega dos materiais.

33. A produción de programas culturais, musicais e de entretemento: Particularidades dos programas culturais, musicais, magazines, espectáculos e actos públicos. Ensaios, necesidades artísticas e técnicas, atención aos participantes, coordinación de escenarios, público e tempos de actuación.

34. A produción de documentais e reportaxes: Investigación e documentación. Planificación de entrevistas, testemuños, recursos e material de arquivo. Produción en períodos prolongados. Continuidade narrativa, seguimento dos permisos e organización dos materiais.

35. A produción de publicidade, campañas e pezas promocionais: Características dos anuncios, vídeos promocionais, cuñas, campañas institucionais e pezas de continuidade. Público destinatario, mensaxe, duración, formatos e adaptacións. Coordinación da produción para televisión, web, redes sociais e pantallas.

36. Produción audiovisual para internet e redes sociais: Vídeo horizontal, vertical e cadrado. Duracións, adaptación de linguaxe e consumo móbil. Reels, stories, emisións en directo e pezas breves. Subtítulos, rótulos, miniaturas e versións. Publicación multiplataforma e conservación do máster.

37. Propiedade intelectual na produción audiovisual (Conforme ao Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, RDL 1/1996): A obra audiovisual e os seus elementos protexidos. Autoría e titularidade. Dereitos morais e dereitos de explotación: reprodución, distribución, comunicación pública e transformación. Utilización de guións, fotografías, vídeos, música, grafismos e material de arquivo. Cesións, licenzas e autorizacións. Dominio público e licenzas abertas. Acreditación dos dereitos e conservación documental.

38. Dereito á propia imaxe e protección de datos (Conforme á LO 1/1982, ao RGPD UE 2016/679 e á LOPDGDD LO 3/2018): Captación e difusión da imaxe e da voz. Consentimento, deber de información e outras bases que poden lexitimar o tratamento. Gravación de actos públicos, entrevistas, persoal empregado público, menores e

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2026 (19/10/2026 08:00:00)

colectivos especialmente protexidos. Publicación en redes sociais, conservación, reutilización e retirada dos contidos.

39. Contratación pública aplicada á produción audiovisual (Conforme á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP): Nocións básicas dos contratos de servizos e subministracións vinculados á produción audiovisual. Definición das necesidades, petición de ofertas, prestación contratada, recepción e conformidade. Documentación relativa a profesionais, artistas, empresas produtoras e medios técnicos. Dereitos de explotación nos encargos audiovisuais.

40. Seguridade, accesibilidade e sustentabilidade na produción: Riscos en estudios, exteriores, escenarios, montaxes, traballos eléctricos, desprazamentos e manipulación de cargas. Coordinación preventiva e actuación ante emerxencias. Accesibilidade dos contidos: subtitulado, audiodescrición, contraste, lexibilidade e comprensión. Redución de residuos e do consumo enerxético. Planificación dos desprazamentos e reutilización de materiais.

Lugo, 13 de outubro de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2788

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 19-10-2026 ata a día 19-11-2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2026 (19/10/2026 08:00:00)